Avda. Compostela, Nº 50
15930 – Boiro (A Coruña)
☎ 881 866 601 - 🗎 Fax: 881 866 609
ies.praia.barrana@edu.xunta.gal
http://centros.edu.xunta.es/iespraiabarrana

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO ABRIL 2020

MOTIVO MODIFICACIÓN

Alerta sanitaria motivada pola COVID -19 que motivou o decreto do estado de alarma.

CURSO	DEPARTAMENTO	DATA MODIFICACIÓN
2019 – 2020	ARTES PLÁSTICAS	6 DE MAIO DE 2020

NIVEL	MATERIA
BACHARELATO	TÉCNICAS DE EXPRESIÓN GRÁFICO-PLÁSTICA

ORDE do 20 de xuño de 2019 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A presente modificación da programación didáctica atende ao disposto nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DA MATERIA

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

PROCEDEMENTOS:

Observación directa
Probas de execución
Análise de documentos gráficos

INSTRUMENTOS:

Diario de clase
Lista de control
Lista de verificación
Rúbricas
Fichas de recollida de información.
Portfolio

Avda. Compostela, Nº 50
15930 – Boiro (A Coruña)
☎ 881 866 601 - 🗎 Fax: 881 866 609
ies.praia.barrana@edu.xunta.gal
http://centros.edu.xunta.es/iespraiabarrana

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A NOTA DA MATERIA SERÁ O RESULTADO DA SEGUINTE FÓRMULA XERAL: **((N1 + N2) / 2) + T**

N1 é a nota media aritmética do 1º trimestre
N2 é a nota media aritmética do 2º trimestre
T é a puntuación do traballo no 3º trimestre

(A puntuación **T** obtida no 3º trimestre, será entre 0 e 2 puntos. Esta puntuación nunca restará á media dos dous primeiros trimestres)

Para a puntuación **T** do 3º trimestre, aplicaranse os mesmos criterios estipulados na programación:

- O alumnado que teña **avaliación APTA** no **1º e 2º trimestre** e teña entregado **traballo no 3º**, obterá a cualificación resultante da fórmula: **((N1 + N2) / 2) + T**

- O alumnado que obtén avaliación APTA no 1º e no 2º pero **NON realizou tarefas** de seguimento durante o 3º trimestre **obterá a cualificación resultante da fórmula: (N1 + N2) / 2**

- O alumnado que **NON teña superados todos os estándares mínimos da 1ª, da 2ª ou de ámbalas dúas** (entregara ou non tarefas no 3º trimestre) terá que acollerse ao **PLAN DE RECUPERACIÓN PERSONALIZADO** durante o mes de maio.

O alumnado que se acolla ao Plan de Recuperación deberá superalo. **A nota final ordinaria** será determinada pola **cualificación obtida neste Plan** de Recuperación máis **a puntuación** (entre 0 e 2) do **traballo** entregado no **3º trimestre.**

Os Traballos serán prácticos individualizados e relacionados cos estándares non superados na avaliación ou avaliacións suspensas.

En caso de ter unha das dúas avaliacións do curso apta, usarase esa nota para calcular a media final.
Os criterios de cualificación serán en base ao 100% dos traballos gráficos.

Á nota obtida na recuperación poderá sumárselle a puntuación do 3º trimestre.

RECUPERACIÓN DA MATERIA (proba extraordinaria de setembro)

O alumnado que non supere o Plan de Recuperación en maio terá que acollerse ao **PLAN DE RECUPERACIÓN EXTRAORDINARIO DE SETEMBRO,** que consistirá en diferentes **Traballos prácticos individualizados** (**100 %** da nota) dos que se realizará un seguimento programado para o mes de xullo e os primeiros días do de setembro relacionados cos estándares traballados ao longo do curso.

2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS AVALIABLES NO CURSO 2019 - 2020

CRITERIO AVALIACIÓN	ESTÁNDARES BÁSICOS 1ª/2ª AVALIACIÓN
B1.1. Seleccionar información a través de diferentes fontes de información, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, acerca da evolución dos materiais e a súa aplicación ao longo da historia, co fin de distinguir e relacionar os materiais e os instrumentos utilizados nas técnicas gráfico-plásticas.	TEGPB1.1.1. Coñece os materiais, o tipo de soporte, os pigmentos, os aglutinantes e os diluentes utilizados nas técnicas gráfico-plásticas. TEGPB1.1.2. Narra a evolución histórica dos materiais e a súa adaptación ao longo da historia.

Avda. Compostela, Nº 50
15930 – Boiro (A Coruña)
☎ 881 866 601 - 🗎 Fax: 881 866 609
ies.praia.barrana@edu.xunta.gal
http://centros.edu.xunta.es/iespraiabarrana

	TEGPB1.1.3. Relaciona os materiais, o tipo de soporte, os pigmentos, os aglutinantes e os diluentes máis adecuados a cada técnica gráfico-plástica TEGPB1.1.4. Coñece e utiliza con propiedade, de forma oral e escrita, a terminoloxía propia das técnicas.
B1.2. Comparar as propiedades físicas e químicas dos materiais e a súa interacción.	TEGPB1.2.1. Coñece as propiedades físicas e químicas dos materiais e a súa interacción. TEGPB1.2.2. Razoa a elección dos materiais cos que se vai traballar na aplicación de cada técnica, tendo en conta as propiedades físicas e químicas.
B2.1. Identificar e aplicar, de maneira apropiada, as técnicas secas e húmidas aplicadas ao debuxo, apreciando a importancia que tivo e ten o debuxo para a produción de obras artísticas ao longo da historia.	TEGPB2.1.1. Describe as técnicas de debuxo. TEGPB2.1.2. Identifica e manexa os materiais utilizados nas técnicas do debuxo, tanto secas como húmidas. TEGPB2.1.3. Planifica o proceso de realización dun debuxo definindo os materiais, os procedementos e as súas fases. TEGPB2.1.4. Produce obras propias utilizando técnicas de debuxo secas e húmidas TEGPB2.1.5. Recoñece e valora as técnicas de debuxo en obras de arte.
B3.1. Coñecer as técnicas de pintura e os materiais utilizados en cada unha ao longo da historia.	TEGPB3.1.1. Describe as técnicas de pintura. TEGPB3.1.2. Coñece, elixe e aplica correctamente os materiais e os instrumentos utilizados en cada técnica pictórica. TEGPB3.1.3. Distingue e describe, de forma oral e escrita, a técnica e os materiais utilizados en obras pictóricas de diferentes épocas artísticas, así como nas producións propias.
B3.2. Elixir e aplicar correctamente os materiais e instrumentos propios das técnicas pictóricas na produción de traballos persoais con técnicas á auga, sólidas, oleosas e mixtas.	TEGPB3.2.1. Realiza composicións escollendo e utilizando as técnicas á auga, sólidas e oleosas que resulten máis apropiadas para o proxecto en función a intencións expresivas e comunicativas.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (REPASO, REFORZO, RECUPERACION E, NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)

Actividades
Realización de exercicios e probas gráficas e volumétricas semanais con diferentes grados de desenrolo Visualizacións audiovisuais para analizar os procedementos e técnicas de traballo Comentarios para desenrolar a conciencia e expresión artística
Metodoloxía ***(alumnado con conectividade e sen conectividade)***
Metodoloxía en liña de soporte práctico Seguimento, contacto e corrección diario da producción do alumnado Clases expositivas en vídeograbación e presentacións

Avda. Compostela, Nº 50
15930 – Boiro (A Coruña)
☎ 881 866 601 - 🗎 Fax: 881 866 609
ies.praia.barrana@edu.xunta.gal
http://centros.edu.xunta.es/iespraiabarrana

Materiais e recursos
Aula Virtual do Centro Correo electrónico Google Drive Páxina web do centro Youtube Páxinas web

4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE BÁSICOS NON DESENROLADOS NO CURSO 2019 - 2020.

B4.1. Coñecer os termos relacionados coas técnicas do gravado.	TEGPB4.1.1. Describe as técnicas de gravado e estampaxe. TEGPB4.1.2. Define con propiedade, de forma oral e escrita, os termos propios das técnicas de gravado.
B4.2. Identificar as fases na produción de gravados e estampaxes.	TEGPB4.2.1. Describe as fases de produción e de gravados e estampados.
B4.3. Elaborar producións propias utilizando técnicas non tóxicas de gravado e estampaxe variadas.	TEGPB4.3.1. Experimenta con técnicas de gravado e estampaxe non tóxicas, utilizando adecuadamente os materiais.
B4.4. Investigar e expor acerca da evolución das técnicas de gravado e estampaxe utilizadas na historia.	TEGPB4.4.1. Recoñece e describe as técnicas de gravado e estampaxe na observación de obras. TEGPB4.4.2. Explica a evolución das técnicas de gravado e estampaxe ao longo da historia.
B5.1. Experimentar con técnicas mixtas e alternativas diferentes formas de expresión artística, expresando ideas e emocións a través de técnicas alternativas.	TEGPB5.1.1. Describe a técnica da colaxe e aplícaa na elaboración de traballos propostos polo profesor ou a profesora. TEGPB5.1.2. Utiliza materiais reciclados para producir obras novas cun sentido diferente para o que foron confeccionados. TEGPB5.1.3. Representa a través de TIC instalacións de carácter artístico. TEGPB5.1.4. Investiga e aprende técnicas alternativas, utilizando TIC.
B5.2. Recoñecer outras técnicas grafico-plásticas distintas ás tradicionais.	TEGPB5.2.1. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS

O alumnado e as familas foron debidamente informados dos diferentes cambios e adaptacións da programación a través do correo electrónico, que é o medio actual de comunicación máis claro e directo e tamén da plataforma Abalar Móbil.

Avda. Compostela, Nº 50
15930 – Boiro (A Coruña)
☎ 881 866 601 - 🗎 Fax: 881 866 609
ies.praia.barrana@edu.xunta.gal
http://centros.edu.xunta.es/iespraiabarrana

PUBLICIDADE

Estas modificacións á programación do Departamento de Artes Plásticas están publicadas na páxina web do centro, no menú reservado ao noso Departamento.

O/A Xefe de Departamento

Francisco Blanco Alcaide

……